



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014556	Coroso	Ribeira	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CMINA03	Elaboración de produtos alimentarios	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP0148	Empresa e iniciativa emprendedora	2018/2019	3	53	53

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	KATIA VALERIA SOUTO SESTO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo concrétase tanto nos seus resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos no ámbito produtivo onde se desenvolverá o perfil profesional do título.

No módulo de Empresa e iniciativa emprendedora trátanse os seus contidos relacionándoos cos aspectos propios e a realidade do sector produtivo da elaboración de produtos alimentarios de xeito que o alumnado asimile estes contidos aplicados ao entorno produtivo do mercado de cara a obter unha aproximación máis real ao mercado laboral e coñecendo o tecido empresarial da zona, centrándose sobre todo na pequena e mediana empresa pertencente ao sector.

Deste xeito, faise un acercamento á realidade do mundo da empresa, dende a súa localización a aspectos fundamentais como plan de marketing, plan de produción, investimento e plan de financiación. Trátase de acercar ao alumnado á iniciativa emprendedora dende a realidade do seu perfil profesional contribuíndo ao autoemprego e ao emprendemento como unha opción máis no seu proxecto profesional.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	0	0
2	Iniciativa emprendedora	A figura do emprendedor e a procura da idea emprendedora	3	10
3	A empresa e o seu contorno	A empresa, tipos, organización, responsabilidade social e cultura corporativa	4	10
4	A forma xurídica da empresa e trámites de constitución	Distintas formas de poñer en marcha unha empresa, principais diferenzas e trámites para poñela en funcionamento	4	10
5	Plan de marketing	O produto, o prezo, formas de promoción dunha empresa e distribución do produto	3	10
6	Producción e análise de custes	Custes que afectan á empresa e o umbral a partir do cal a empresa obtén beneficios coa venda do produto	2	10
7	Xestión financeira	Análise contable da empresa para coñecer o seu equilibrio e a composición do patrimonio	4	10
8	Plan de investimento e financiación	Formas de financiar unha empresa para facer fronte ao investimento realizado	5	10
9	Xestión fiscal	Análise dos impostos máis habituais na vida da empresa	4	10
10	Xestión administrativa	Documentación administrativa e financeira máis habitual na empresa	4	10
11	Plan de empresa	Simulación da posta en marcha dunha empresa a partir dos coñecementos adquiridos	20	10



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	0



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Iniciativa emprendedora	3

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da industria alimentaria.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da elaboración de produtos alimentarios, que servirá de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de elaboración de produtos alimentarios (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector da industria alimentaria.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A empresa e o seu contorno	4

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa elaboradora de produtos alimentarios en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa elaboración de produtos alimentarios e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas elaboradoras de produtos alimentarios, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa elaboradora de produtos alimentarios, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa elaboradora de produtos alimentarios: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa elaboradora de produtos alimentarios: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A forma xurídica da empresa e trámites de constitución	4

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da industria alimentaria.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas elaboradoras de produtos alimentarios tendo en conta a súa localización.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresariado.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa elaboradora de produtos alimentarios.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Plan de marketing	3

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.





#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Producción e análise de custes	2

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa elaboradora de produtos alimentarios, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.



#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Xestión financeira	4

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbironse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Concepto e noións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.



#### 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Plan de investimento e financiación	5

#### 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas elaboradoras de produtos alimentarios tendo en conta a súa localización.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa elaboradora de produtos alimentarios.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da industria alimentaria.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.



#### 4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Xestión fiscal	4

#### 4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa elaboración de produtos alimentarios, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fisc

#### 4.9.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.



#### 4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Xestión administrativa	4

#### 4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa e

#### 4.10.e) Contidos

Contidos
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa elaboradora de produtos alimentarios: documentos administrativos e documentos de pagamento.  Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.



#### 4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Plan de empresa	20

#### 4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

#### 4.11.e) Contidos

Contidos
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da elaboración de produtos alimentarios.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa elaboradora de produtos alimentarios: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa elaboradora de produtos alimentarios: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS ESIXIBLES

- Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social
- Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
- Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
- Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
- Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
- Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
- Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
- Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
- Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
- Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
- Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais
- Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa
- Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

### SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

A nota final no proceso de avaliación continua atenderá ás seguintes porcentaxes:

- a).-Contidos conceptuais e procedimentais.....90% da nota. Valoraranse as probas teórico-prácticas que se efectúen en cada avaliación.
- Realizaranse probas escritas con cuestións teóricas sobre os contidos conceptuais das unidades didácticas a examinar. No mesmo exame valoraranse os contidos procedimentais con supostos prácticos desas unidades.
  - Considerarase incluído nos contidos procedimentais o plan de empresa que o alumnado fará e que terá un peso do 20 % dentro deste apartado..
  - Os exames cualificaranse de 0 a 10 e farán media aritmética entre eles. Nunca farán media para o cálculo da nota final os exames cunha cualificación inferior a 4.
  - Os exames aprobados serán liberatorios de materia para o exame final.
  - Se se comprobouse que para a súa realización o/a alumno/a empregou calesqueira medios alleos aos recursos permitidos para o desenvolvemento de parte ou de toda a citada proba a puntuación será de 0 puntos
  - Para aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen a cualificación mínima esixida para determinar a media, realizarase, na data que se fixe ao efecto, unha proba de recuperación dos contidos correspondentes á proba non superada. A nota máxima da proba de recuperación será de 5 puntos, salvo que non se tivese concorrido ao exame ordinario correspondente por causa debidamente xustificada, a criterio da profesora.

Nunca fará media para o cálculo da nota final os exames cunha cualificación inferior a 4.

b).-Contidos actitudinais.....10% da nota. Valorarase positivamente un comportamento positivo e participativo na aula, de interese do alumnado polos contidos do módulo e de cooperación cos/as compañeiros/as. Terase en conta a asistencia á clase da/o alumna/o, a puntualidade, a regularidade na presentación das tarefas, as intervencións voluntarias para resolución de cuestións, resolucións de exercicios no taboleiro, a presentación dos traballos e apuntes e a colaboración nun positivo desenvolvemento das actividades de ensino e aprendizaxe. Valoraranse moi negativamente as faltas de comportamento.

#### - SISTEMA DE AVALIACIÓN

Realizaranse probas parciais, liberatorios de materia, para examinar os contidos conceptuais e os contidos procedimentais. Así como tamén se terán con conta a resolución de supostos prácticos, a actitude e comportamento.

#### - CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Nas probas sobre os contidos conceptuais valorarase a correcta asimilación dos contidos, a profundidade dos coñecementos, a claridade na exposición e o correcto emprego da terminoloxía técnica deses contidos.

Nas probas sobre os contidos procedimentais valorarase a correcta execución das probas. De tódolos xeitos, si a/o alumna/o non soluciona correctamente o exercicio ou suposto pero o plantexa correctamente acadará como mínimo o 40 % da nota dese suposto.

#### - SISTEMA DE AVALIACIÓN

Realizaranse exames parciais, liberatorios de materia, para examinar os contidos conceptuais e os contidos procedimentais.

#### - CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Nas probas sobre os contidos conceptuais valorarase a correcta asimilación dos contidos, a profundidade dos coñecementos, a claridade na exposición e o correcto emprego da terminoloxía técnica deses contidos.

Nas probas sobre os contidos procedimentais valorarase a correcta execución das probas. De tódolos xeitos, si o alumno non soluciona correctamente o exercicio ou suposto pero o plantexa correctamente acadará como mínimo o 40 % da nota dese suposto.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### SISTEMA DE RECUPERACIÓN DAS PARTES SUSPENSAS

Se un alumno non supera o módulo, por non ter acadado unha nota mínima de CINCO puntos, despois de sumar as notas acadadas en contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais deberá acudir ao exame final do módulo. As probas aprobadas son liberatorias de materia.

Se un alumno perde o dereito á avaliación continua (máis do 10% da duración total do módulo, de acordo ás Normas de Organización e Funcionamento do Centro, e tendo en conta que tes faltas de puntualidade asimílanse a unha falta de asistencia), deberá examinarse de todo o módulo no exame final, no que unicamente se examinarán contidos conceptuais e procedimentais, representando cada un deles o 50 % da nota.

#### RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Realizaranse probas parciais do módulo onde se examinen os contidos procedimentais e os conceptuais, valorados conxuntamente. Posto que o





alumnos non pode cursar o módulo de FCT ao ter un módulo pendente, o momento máis apropiado para realizar tarefas de recuperación será durante o último trimestre do 2º curso, a fin de posibilitarlle a súa superación para optar a realizar o citado módulo de prácticas.

Sexa o módulo pendente do primeiro ou do segundo ano do ciclo, as/os alumnas/os acudirán ás clases presenciais que marque a profesora para poder repasar os contidos que o requiran, e recibirá tarefas que permitan acadar as capacidades terminais do módulo.

A profesora terá en conta as necesidades educativas especiais do alumnado, aplicando as medidas correctoras que sexan precisas para poder realizar con éxito o proceso de ensino e aprendizaxe.

Se a/o alumna/o non supera o exame final, é dicir, non acada os contidos mínimos deste módulo, será cualificado cunha nota inferior a 4 e terá que recuperar os contidos referidos ás unidades didácticas non superadas de acordo co informe individualizado.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Se un/ha alumno/a tivese máis dun 10 % de faltas non xustificadas da duración total do módulo ou un 25 % de faltas xustificadas + inxustificadas, de acordo ás Normas de Organización e Funcionamento do centro, (tres faltas de puntualidade asimílanse a unha falta de asistencia) ao longo do curso automaticamente perderá o dereito á avaliación continua, debendo examinarse de todo o módulo no exame final, no que unicamente se examinarán contidos conceptuais e procedimentais, representando cada un deles o 50 % da nota. Unha nota inferior a un dous tanto en contidos conceptuais como procedimentais no exame final implicará unha cualificación final de catro ou menos.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Faise o seguimento da programación de acordo ao sistema establecido na aplicación informática destinada a tal fin.

Farase trimestralmente una enquisa destinada ao alumnado con cuestión referidas á práctica docente

### **8. Medidas de atención á diversidade**

#### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

A principios de curso pasarase un cuestionario inicial sobre contidos do módulo, comprobando cal é o nivel inicial de coñecementos previos do alumnado dos contidos do módulo

Ao inicio de cada unidade didáctica farase unha tomenta de ideas para coñecer os coñecementos previos sobre o tema, observando o punto de partida do alumnado

#### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

A profesora terá en conta as necesidades educativas especiais do alumnado, aplicando as medidas correctoras que sexan precisas para poder realizar con éxito o proceso de ensino e aprendizaxe.

### **9. Aspectos transversais**

#### **9.a) Programación da educación en valores**

##### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

Obxectivos:

-Recoñecer a súa propia identidade e tomar conciencia das súas capacidades persoais como medio para acadar unha progresiva e sólida autoafirmación da personalidade.



- Formarse unha imaxe axustada de si mesma/o que lle permita asumir a súa propia vida.
- Empregar o diálogo nas negociacións de convenios colectivos e na resolución de posibles conflitos laborais.
- Analizar os valores que rexen o funcionamento dunha empresa e adoptar xuízos e actitudes persoais respecto deles.
- Participar en actividades de grupo dentro da empresa, con actitudes solidarias e tolerantes, recoñecendo e valorando a diferenza entre as persoas.

#### EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

##### Obxectivos:

- Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles.
- Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticas sociais e medioambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeitalas optando por valores que favorecen o benestar.

#### EDUCACIÓN PARA A PAZ

##### Obxectivos:

- Valorar a autoestima e a seguridade persoal.
- Ser capaz de superar inhibicións e prexuízos, tanto nas actuacións individuais como nas colectivas, canalizando a propia agresividade cara a actitudes que promoven o ben común.

#### EDUCACIÓN AMBIENTAL

##### Obxectivos:

- Interesarse por coñecer e comprender realidades ambientais, do propio posto de traballo e da empresa en xeral, comprendendo cómo inciden nas propias actitudes e comportamentos e no equilibrio do entorno.
- Sentir respecto e implicación na mellora e conservación do medio ambiente dentro do ámbito laboral.
- Coñecer e reflexionar sobre os problemas ambientais de ampla resonancia no mundo actual.

#### EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE SEXOS

##### Obxectivos:

- Participar nas actividades de grupo de forma responsable, solidaria e constructiva, apreciando a diferenza como riqueza colectiva.
- Modificar as actitudes violentas, evitando agresións verbais, despregos ou comentarios despectivos.
- Coñecer os mecanismos e valores de funcionamento social.
- Distinguir elementos discriminatorios no entorno e introducirse na crítica obxectiva da utilización sexista da linguaxe.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Programarase unha actividade complementaria consistente nunha charla sobre o espírito emprendedor por técnicos da Cámara de Comercio. Dita actividade farase en colaboración co DIOP.
- Programarase unha actividade complementaria sobre a procura de emprego e o espírito emprendedor coa participación de ex-alumnas/os do centro que se aventuraron no mundo empresarial.

## 10. Outros apartados

### 10.1) O PLAN DE EMPRESA

Dadas as características deste módulo e tendo en conta o momento de especial dificultade na situación económica o plan de empresa que ten que elaborar todo o alumnado realizarase en base a unha idea de negocio elixida por eles. Aínda que se fomentará que crean unha empresa dedicada



a actividades do seu sector, non será requisito ineludible.

Por outra banda, a empresa poderá ser individual (unha única persoa) pero tamén unha sociedade (unha persoa ou varios alumnos) ou cooperativa (varios alumnos). No caso de formar un grupo de promotores, o número máximo deles será de catro.